

Resolución do 3 de setembro pola que se fixa a data das probas do proceso selectivo para contratos formativos para a obtención da práctica profesional na categoría de Técnico/a de Sistemas convocado o 21 de agosto de 2026

De conformidade co establecido na Base 7.1. da Convocatoria da proba para contratos formativos para a obtención da práctica profesional na categoría de Técnico/a de Sistemas,

RESOLVO

A data de realización da proba teórica tipo test, práctica e de galego será o día 17 de setembro de 2026 na sede da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, en San Marcos (Santiago de Compostela) ás 09:30 h.

As persoas aspirantes deberán estar a esa hora na entrada das instalacións e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.



O presidente do tribunal
Adolfo Gallego Fernández